

A Serra de CARONDIO (Villayón)



↓ Rafael Cascudo Noceda

Desta vez vamos ir hasta el conceyo de Villayón y fer úa travesía que titulamos *A Serra de Carondio* por ser sempre esta serra un punto de referencia importante pral noso andar.

Por carretera estreta y con lamar de curvas achegámonos hasta el poble de Castaedo, punto de partida d'esta travesía. Castaedo é un poblín da parroquia de Santiago de Ponticella que ta a 18 km de Villayón capital. Ta na ladeira oriental da serra del Prao Roque a úa altura que vai dende os 490 a os 550 metros, na veira esquerda del Río Cabornel.

Salimos andando dende Castaedo y en dirección sur pañamos un camín que vai entre fincas costedas, úas –as da dereta– que baxan dende El Prao Roque hasta el camín y as outras –as da esquerda– qu'ocupan a costa que busca el fondo del guapísimo vale pol que discurre El Cabornel, un río que recibe as auguas d'un peteiro de pequenos regos que ye baxan tanto del Prao Roque como de Carondio. Seguro que polos praos poderemos ver esas vacas tan especiales que son capaces de pacer sin arrebolarse monte abaxo, esos animales que parece qu'alargan ou acurtían as patas según pra unde miren ou pazan.

Al outro lao del río as terras ascenden vertixinosas hacia Carondio y poderemos ver perfectamente El Pico Carondio y Picuagudo, por unde vamos pasar máis tarde. Veremos eiros y praos amañando zapatas,

terras lamar de laboriosas, trabayadas con arte y pacencia, col proverbial xeito d'esta xente dos poblos, antípodas das présas dos urbanitas.

Vendo y andando cruzaremos El Cabornel, que seguro que baxará con présa, saltando por entre as pedras y buscando os vales fondos del norte unde parará a darye toda a súa augua al Navia, del qu'é afluente principal.

Pasada a ponte empezamos a subir buscando el poble de Barandón y atravesamos un souto de castañeiros. El camín gana altura a base de fer voltas y revoltas y achégase ás cortías del último llugar habitao del conceyo de Villayón. Pertenece Barandón á parroquia de Ponticella y ten el encanto dos poblos escondidos nas serras d'Asturias, casas de preciosa feitura, de pranta baxa y louxaos escuros, qu'aproveitan a pendiente del tarrén y nunca desentonan nel paisaxe. Taremos entoncias a 575 metros d'altitú y por debaxo dos picos Carondio y Pencos Redondos. Nel caseirío del llugar destacan os horros y úa capiya dedicada a San Xuan construida na mesma pedra, sin vanos y col louxao lamar de veyo, datada posiblemente de finales del siglo XVII ou empezos del XVIII. Por estas terras hai un dito que nos dice: *“El Rubión de Barandón y el Blancón de Gargalella, xuntos nel río Polea, os dous tiran a xinxellas”*.

Barandón será punto de parada y al tempo talaya dende unde apreciaremos nítidamente tanto parte da serra del Prao Roque al O., coa maxestuosidá del Pico el Castello (1.167 metros) destacando nun tarrén

sin muita vexetación, y pol E. as alturas máis importantes da achegada serra de Carondio. Por debaixo, reptando como úa colobra, vai fendo el sou vale El Cabornel.

Condo deixamos Barandón, entramos nun camín dos d'antías, entre paredes de pedra y tombos de terra que nos aboca nel medio d'úa carbayeira guapísima y mesta d'árboles –sobre todo pola veira dereta– cubrindo a ladeira que baxa hacia el rego.

Desque acaba a arboleda hai que coyer un carreiro que sube pol medio del monte baxo nel que manda el toxo. Vamos ir subindo camín del alto d'Enterríos y vamos volver meternos noutro monte, esta vez de carbayos y fayas. Acabamos el tramo con árboles y subimós por úa serra cuase pelada, con toxos y gancelas como principal vexetación, y por entre ellos chegamos primeiro al Chao del Pino y lougo a Enterríos (925 metros). El sito conócese tamén como Entrevías y vén ser un paso alto y aberto entre as serras del Prao Roque (al N.) y Carondio (al SO.), cabeceira dos ríos Cabornel y Navedo, os dous afluentes del Río Navia. El sito é fronteira entre os conceyos de Villayón, Allande y Eilao.




*A Llastra da Filadoira,
el famoso y máxico dolme ou tumba d'Enterríos*

El Campo Enterríos –ou *Entarríos*, ou *Entirríos*, que de muitos xeitos se sinte– é úa campa verde y irregular escondida detrás del outeiro. Nel medio d'un tarrén atestao de túmulos funerarios atoparemos a conocidísima Llastra da Filadoira, el famoso y máxico dolme ou tumba d'Enterríos, del qu'úa lenda dice qu'as súas lastras veron del Campo das Arcas, camín de Navedo (Eilao), que las trouxo alí úa xigante, muyer de forza terrible, que las levóu na cabeza mentres nun paraba de filar. Esa construcción de pedra y os abultamentos dos túmulos esconden y pechan ayalgas, tesouros perdidos nel banduyo das súas entrañas.

Dende Enterríos buscamos El Pico Carondio, que s'ergue al E., na serra del mesmo nome, fendo de fronteira natural entre Villayón y Allande. A serra ten us 11 km en dirección NE.-SO. Na parte que vamos andar nosoutros, us 3 km, hai varias serras con altos como Penasmolles, Peneos Redondos, Penacarneira, Penaforcada y El Pico Carondio (1.221 metros), con magníficas vistas y un buzón pra os montañeiros nel curume. Pra ir hasta él, primeiro baxamos a campa y



Úa vista del conceyo de Villayon dende Carondio.



lougro subimos por monte. El piso é de gancela y matos d'uces. Bordiamos un pastizal pechao con paredes y arbustos. Mentres subimos vamos descubriendo hacia el S. vales y outeiros con praos que xa pertencen al conceyo d'Allande. El monte baxo aparece cubrindo a ladeira costeda y xurden por unde quera penas calizas, penedóis grises que tapan os compañeiros que levamos delante. Pouco a pouco vamos ascendendo hasta el alto y dende alí enriba, se el día ta claro, as vistas son espléndidas y nel sou buzón poderemos deixar os típicos mensaxes montañeiros.

Del alto vamos baxar hacia úa lagüa arrodiaada por un monte de pinos baxos. Tamos na Veiga os Abades, al E. del Pico Carondio. El outro punto del noso recorrido é El Zapurrel y pra chegar hasta él temos qu'andar por un camín cuase en chao con lixeiras subidas y baxadas que fai de fronteira entre Villayón y Allande. É un mítico camín usao dende antiguo polos vaqueiros d'alzada nos sous desprazamentos. Pola nosa esquerda iremos estremando de condo en vez os poblos del vale del Cabornel y pola dereta veremos pinalíos, pastos de montaña y, máis al fondo, serras allandesas con pouca vexetación.

Por praos y camín bordiamos A Pena el Conde

(1.114 metros), que deixamos á nosa dereta, y buscamos Picuagudo, un balcón derriba del barranco del Montequín col sou espectacular monte autóctono. Despós d'achegarnos polos praos, subimos hasta el sou curume. Taremos entoncias aporondaos núa maraviyosa talaya de pedra, y dende os sous 1.149 metros d'altura miraremos en todas as direccióis y comprobaremos qu' é tan afilao como fai supoñer el sou nome. Picuagudo é un monte atípico pra estas latitudes, comparable a cualquiera dos picos del Oriente d'Asturias y polo tanto estraño nas del Occidente. Sin duda é a máis guapa montaña que s'atopa nel centro del extremo occidental d'Asturias, y ofrece úa cortada de 800 metros sobre El Río Cabornel. Nas súas fraldas bulen as brañas de Barandón, Castaedo y Auguamaroza, cortías, praos y

eiros en zapatas qu'envolven os caseiríos, recimos dos colores diferentes que ye dan os cultivos labraos y pechaos polas paredes de pedras. Y mui lonxe, a un lao y outro da rosa dos ventos, veremos serras y poblos, fumos y vales, barrancos y regos.

Deixamos con dolo esa montaña tan guapa y baxamos hasta as campas que la arrodían. Cruzarémoslas en dirección E. Pola nosa esquerda vere-



Cerca da Viega dos Abades

IGNACIO PÉREZ GONZÁLEZ



IGNACIO FÉREZ GONZÁLEZ

Burras pastiando na ladeira norte del Pico Carondio.

mos as instalacións de lo que se conoce como a Granxa del Marqués y tiramos hacia úa portela verde unde atoparemos pequenas lagúas. Pola portela entramos nun camín y seguimos na mesma dirección hasta atopar outra cancela, esta vez de palos. A partir d'aquí el camín bifúrcase, pero nosoutros seguimos pola esquerda, xa qu'el da dereta volvería levarnos hacia Os Abades.

A vexetación neste treito ten a gancela y el toxo baxo como principais representantes, sempre que nun contemos el herba dos praos qu'hai a os dous laos del camín. Un bon pedazo vamos ir al son de fincas pechadas con alambre y postes de madera. De condo en vez rompen a pacífica monotonía del paisaxe pequenos montes de pinos. Delante noso y nel horizonte, serras non mui altas del conceyo d'Allande, por unde levamos todo este tramo andando.

Y indo sempre en chao chegamos al alto de Bustantigo (1.010 m), un porto de montaña na carretera que xunta A-



ASTURIA PAREDES

Úa vista de Bustantigo (Allande) col teixo y a capiña al fondo del lugar

llande con Villayón. Pola cuneta d'esa carretera ALL-5, iremos baxando en busca da meta del noso recorrido d'hoi, levando paralelo y pola dereta el vale qu'escava El Río del Ouro, separándonos del conceyo de Tinéu.

Pr'acabar, chegamos a Bustantigo, capital d'úa parroquia que ta na parte máis septentrional d'Allande, a 23 km da capital del conceyo, La Puela. A parroquia ta baxo a advocación de San Xosé. El Río de Bustantigo, ou Río del Ouro, recorre y afuraca un vale que vai de S. a N., buscando al Polea primeiro y lougo al Navia. El poble ta na media ladeira de Picoutel (954 metros), na marxe esquerda del Río del Ouro y a 720 metros d'altura. Polas cercanías podremos atopar restos d'esplotacións auríferas y a súa igrexa, que dispón del tradicional y mítico teixo, con úa única nave, destacando a reformada espadana con molduras y pináculos.

Y neste punto d'Allande, rayando con Villayón, acabamos úa magnífica travesía polas terras altas de dous conceyos del centro occidente d'Asturias. 